

COMPRENDER LA GLOBALIZACIÓN

GUILLERMO DE LA DEHESA
Madrid: Alianza. 2000
[245 páxinas]

Recibido: 17 outubro 2000
Aceptado: 24 outubro 2000

Este libro recolle un interesante e completo debate sobre a globalización, termo proveniente, como case todo o que xorde do mundo económico e dos negocios, do inglés. Guillermo de la Dehesa define a globalización como aquel “*proceso dinámico de creciente libertad e integración mundial de los mercados de trabajo, bienes, servicios, tecnología y capitales*”. Sobre a globalización artículase un interesante debate e xorden correntes de opinión no seu favor e na súa contra. A inmensa maioría dos economistas máis respectables deféndena, aínda que algúns (como é o caso de Paul Krugman, economista de gran prestixio que escribiu o prólogo deste libro) non fan o mesmo con respecto á globalización financeira e sosteñen a necesidade de introducir, en certos casos, controis ás entradas de capital a curto prazo para evitar futuras crises.

Unha vez delimitado o concepto de globalización e presentado o debate sobre este termo, o autor realiza unha análise histórica dese proceso onde se pode falar dunha primeira e dunha segunda globalización. A primeira globalización xorde entre 1870 e 1914, e supuxo unha aceleración da tendencia cara á diverxencia de renda por habitante entre os denominados países do norte e os do sur, tendencia que xa comezara coa revolución industrial e que se consolidou a través da expansión do comercio e do investimento internacionais. A principal causa do aumento da disparidade de renda foi a industrialización paralela de Europa e a desindustrialización do resto do mundo, que se acelerou coa expansión do comercio internacional.

Na segunda globalización, que comezou no ano 1950 e que aínda continúa, para Guillermo de la Dehesa tivo lugar o fenómeno inverso, é dicir, estívoese desindustrializando o norte e industrializando o sur, de tal maneira que o emprego industrial nos países da OCDE diminuíu considerablemente (coa excepción do Xapón), mentres que nos países en vías de desenvolvemento percorreu o camiño contrario. Este proceso de cambio debeuse fundamentalmente ó asentamento de empresas multinacionais nestes últimos países, ó localizar neles manufacturas intensivas en man de obra aproveitando os baixos niveis salariais co que, deste xeito, se pasa da factoría local que fabricaba todo o produto a unha “factoría global”. Esta fabrica cada parte do produto ou do proceso de fabricación alí onde é máis conveniente e barato, e ensámblaas nunha determinada planta do grupo. Nesta segunda globalización houbo unha certa converxencia de rendas *per cápita* entre os países ricos e

algúns intermedios (os denominados novos países industrializados) e outra converxencia nos niveis de renda máis baixos entre os países pobres; é a denominada “converxencia de dous picos”. Pero a dispersión da renda *per cápita* entre os máis pobres aumentou de maneira considerable.

Ó estudia-la globalización, o autor considera necesario estudia-lo comportamento das empresas multinacionais, que constitúen o principal conducto polo cal a globalización se está desenvolvendo e esta, á súa vez, está a promove-lo rápido desenvolvemento daquelas. É dicir, ámbalas dúas se autoalimentan e se reforzan mutuamente. A globalización, ampliando os mercados para as empresas, por un lado, e aumentando a competencia, polo outro, crea unhas enormes oportunidades para o desenvolvemento das empresas e dos países onde están emprazadas e uns menores retos de axuste e transformación delas para facerlle fronte a un mundo moito máis competitivo. Neste proceso globalizador existen, sen dúbida, perigos derivados da formación de oligopolios e monopolios, problemas que han ser resoltos por medio dunha maior coordinación e cooperación dos gobernos e co desenvolvemento de instancias supranacionais, para gozar dos elementos positivos que, indubidablemente, ten este proceso de internacionalización e globalización empresarial para os países e, á súa vez, minimiza-los perigos que poidan xurdir por situacións de abuso de poder ou de conculcación da competencia. No proceso globalizador son as empresas, e non os gobernos e os Estados, as que toman a iniciativa e o protagonismo na economía mundial, pero estes últimos teñen aínda na súa man os instrumentos de regulación para asegurar que ese proceso sexa un éxito e se minimicen os seus posibles efectos perversos sobre a competencia.

A globalización implica, polo tanto, para o autor, unha redefinición do papel dos Estados e gobernos, debido a que nunha economía globalizada a menor efectividade da política macroeconómica, tanto monetaria como fiscal, fai que os gobernos teñan que dedicar maiores esforzos ás políticas institucionais e microeconómicas. En consecuencia, han de implantar políticas de permanente reforma e flexibilización da súa economía para que esta poida ser competitiva, a través dun mellor funcionamento dos mercados e das empresas.

Ademais, a globalización condúcenos ó eterno debate acerca de se os tipos de cambio deben ser fixos ou flexibles. Este debate recruouse nestes últimos anos polas crises dos tipos de cambio nos países emerxentes. A globalización financeira está provocando unha “radicalización” dos tipos de cambio, é dicir, está empurrando ós países cara ás opcións extremas: a tipos totalmente fixos ou totalmente flexibles.

Outro aspecto importante da globalización, dunha grande actualidade, é a crecente recorrencia das crises financeiras, consecuencia da globalización financeira. Guillermo de la Dehesa ofrécenos neste libro un interesante estudo das causas do contaxio das crises financeiras que se deben, en parte, ó crecente proceso de globalización económica e financeira, que non só é ineludible, como consecuencia da liberalización política e económica e do desenvolvemento tecnolóxico, senón que

tamén obedece, en boa parte, a cómo están estruturados os mercados financeiros internacionais e a cómo se comportan os axentes que neles interveñen.

O autor chega á conclusión de que a globalización vai ser positiva para o crecemento económico e a converxencia mundial, pero a distribución dos seus beneficios e dos seus custos non vai ser equitativa, de tal maneira que aparecerán gañadores (globalizadores) e perdedores (globalizados), e serán moito menores en número os primeiros cós segundos. A globalización está liderada polos mercados e polas empresas máis ca polos gobernos, de tal maneira que estes deberían intentar reducir ó máximo os seus posibles efectos negativos para aqueles países e individuos que puidesen quedar descolgados ou excluídos pola globalización, quedando así garantida a cohesión social.

ANDRÉS FERNÁNDEZ MÉNDEZ / SUSANA MARTÍNEZ RODRÍGUEZ
Departamento de Economía Aplicada
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Universidade de Santiago de Compostela